

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONES OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2023

O modelo deportivo español evolucionou grazas aos continuos e vertixinosos cambios que experimentou este fenómeno social; cada día máis as cidadás e cidadáns practican deporte, o cal alcanzou unha proxección na sociedade que dificilmente se prevía hai poucas décadas.

O deporte é unha actividade esencial, enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal. Ademais, constitúe un importante instrumento de cohesión social, de transmisión de valores e de impulso económico.

Por iso, é importante facilitar o acceso á práctica deportiva e fomentar a participación en actividades organizadas polas federacións deportivas.

A participación en competicións oficiais de ámbito estatal por parte dos clubs da provincia de Pontevedra considérase unha actividade de interese para a Deputación de Pontevedra, xa que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, supón un estímulo para fomentar o deporte base e cumpre unha función representativa e de reputación xeral do deporte na provincia.

No artigo 43.3 da Constitución española establécese que os poderes públicos deberán fomentar a educación física e o deporte como un dos principios reitores da política económica e social.

Na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do deporte, contéplase a importancia das accións organizativas e de promoción desenvolvidas polas asociacións deportivas. No seu artigo 2 recóllese que “a Administración do Estado exercerá as competencias atribuídas por esta lei e coordinará coas comunidades autónomas e, no seu caso, coas corporacións locais aquelas que poidan afectar, directa e manifestamente, os intereses xerais do deporte no ámbito nacional”.

Así mesmo, na Lei 3/2012, do deporte de Galicia, na lexislación de réxime local e na lexislación sectorial do Estado establécese que as deputacións exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias para fomentar, promover e difundir o deporte.



Para lograr estos obxectivos, a Deputación de Pontevedra convoca as subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito estatal para o ano 2023.

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen con algún equipo ou deportistas en competicións oficiais de ámbito estatal recollidas na base cuarta.

Segunda. Financiamento e distribución orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 23/340.3410.489.20 do Orzamento da Deputación para o ano 2023 por un importe total de oitocentos cincuenta mil (850.000,00) euros.

A distribución dos orzamentos por modalidades deportivas é a seguinte:

Atletismo	24.000,00 €	Baloncesto	140.000,00 €
Balonmán	190.000,00 €	Ciclismo	70.000,00 €
Fútbol	205.000,00 €	Fútbol sala	45.000,00 €
Tenis de mesa	30.000,00 €	Voleibol	20.000,00 €
Judo	16.000,00 €	Outras modalidades	110.000,00 €

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que contén cun equipo inscrito nalguna das competicións oficiais de ámbito estatal establecida nesta normativa ou participen con algún equipo ou deportista en categoría absoluta, nas diferentes competicións oficiais de ámbito estatal ou internacional, cumprindo cos requisitos que se establecen nestas bases.

Non poderán beneficiarse as entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). A acreditación de non estar incurso nas devanditas prohibicións realizarase mediante a declaración responsable das entidades solicitantes.

Todas as entidades solicitantes deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

As entidades solicitantes desta convocatoria non poderán presentar solicitudes nas convocatorias de ámbito inferior ao estatal e ámbito náutico.

Cuarta. Competicións de ámbito estatal

Serán competicións deportivas oficiais de ámbito estatal as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas españolas dentro do seu ámbito competencial e que estean incluídas na seguinte listaxe:

Modalidade deportiva	Competicións oficiais de ámbito estatal
Atletismo	- Campionato de España de clubs división de honor homes/mulleres
Bádminton	- Primeira Ouro - Primeira Prata - Primeira Bronce
Baloncesto	- LEB Ouro/Liga Feminina Challenge - LEB Prata/Liga Feminina 2 - EBA/1.ª nacional feminina
Balonmán	- División prata masculina/división honra ouro feminino - 1.ª división masculina/División honor prata feminina
Béisbol	- División de honra - 1.ª división
Birlos	- División de honra da Liga Nacional de Bowling masculina/femenina
Ciclismo	- Copa de España en ruta elite/sub-23 (deberase acreditar a participación nun mínimo de cinco probas puntuables da Copa de España) - Elite/sub-23 na modalidade de estrada ou BTT (deberase acreditar a participación dun equipo elite ou sub-23 nun mínimo de cinco probas puntuables no calendario estatal)
Fútbol	- 2º RFEF Feminina - 3.ª División RFEF /1.ª División Nacional feminina - División de honra xuvenil
Fútbol sala	- 2.ª División Nacional B feminina/masculina - 3.ª División nacional masculina
Ximnasia	- 1.ª/2.ª/3.ª División da Liga Iberdrola GR
Orientación	- 1.ª División de Orientación a Pé



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

Judo	- Na modalidade de judo deberase acreditar a participación nun número mínimo de competicións de ámbito estatal ou internacional, na categoría absoluta, para realizar un mínimo de 7.500 km na tempada, e especificar o tipo de competicións ás que pode asistir.
Rugby	- División de honra B feminina/masculina
Tenis de mesa	- División de honra feminina/masculina - 1.ª División feminina/masculina
Voleibol	- Súper liga 2 feminina/masculina - 1ª División feminina/masculina
Outras modalidades	- Os clubs deportivos que non participen nunha competición de liga regular, pero que o fagan ao longo do ano en diferentes competicións oficiais de ámbito estatal, deberán acreditar a súa participación en categoría absoluta nun mínimo de competicións de ámbito estatal, para realizar un mínimo de 7.500 km durante toda a tempada e especificar o tipo de competicións ás que pode asistir.

Estas deberán incluírse nos calendarios oficiais aprobados polas diferentes federacións para a tempada 2022/2023 ou 2023.

Poderanse incorporar novas competicións de ámbito estatal sempre que cumpran os anteriores requisitos. O servizo instrutor realizará cantas comprobacións sexan necesarias para certificar o ámbito da devandita competición, os clubs que participen na devandita competición serán incluídos nas competicións doutras modalidades.

Quinta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas presentes bases.

A efectos destas bases, subvencionaranse os gastos de participación e adestramentos, dos equipos e das e dos deportistas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes; sendo estes os seguintes:

- Gastos federativos. Serán os gastos que correspondan a gastos emitidos polas federacións deportivas da actividade deportiva subvencionada.
- Gastos de competición e adestramento. Serán os gastos que correspondan a desprazamentos, aloxamento, manutención, alugueiro de instalacións deportivas, quilometraxe ou similar da actividade deportiva subvencionada.



- Gastos de persoal. Serán os gastos que correspondan a soldos, salarios ou retribucións unicamente dos deportistas, técnicos, adestradores, ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada.
- Gasto de material deportivo. Os que correspondan a vestimenta e equipamento deportivo non inventariable, así como, a reparación e mantemento do material deportivo necesario para a práctica deportiva subvencionada.
- Gastos sanitarios. Os relacionados coa saúde das e os deportistas no desenvolvemento da actividade deportiva subvencionada.

Outras normas a ter en conta:

- En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.
- Salvo disposición expresa en contrario poderase considerar como gasto subvencionable o gasto feito e xustificado, aínda que non estea pagado antes da presentación da xustificación, sempre que se pague no prazo máximo dun mes dende que se lle pague a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.
- Non se considerarán gastos subvencionables os gastos que, superando o importe de 900,00 euros, non se paguen por medio de entidade financeira. Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non contén con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionable os gastos que non se paguen por medio de entidade financeira.
- No caso de que se subvencionen actividades non profesionais servirá de xustificante o “Recibín”, no que se acredite a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, concepto, data, importe e que se realizou, no caso de ser procedente, a correspondente retención fiscal.
- A persoa ou entidade beneficiaria de subvencións poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións.

Sexta. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrència competitiva.

En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas. En todo caso o importe da subvención que se vai aboar non pode ser de tal contía que, en concorrència con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da actividade ou investimento.



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

O importe das subvencións calcularase de acordo cos criterios de valoración recollidos nestas bases. Establécese un importe máximo de subvención para cada competición; en todo caso, as axudas non poderán superar o 40 % do orzamento presentado coa solicitude. Unha vez realizado o primeiro repartimento e no caso de que quede diñeiro dispoñible, realizaranse tantas reparticións como fose necesario, seguindo o mesmo procedemento.

Os límites establecidos serán os seguintes:

Modalidade deportiva	Competicións oficiais de ámbito estatal
Atletismo	Campionato de clubs división de honor homes/mulleres.....14.000,00 €
Baloncesto	LEB Ouro/Liga Feminina Challenge.....35.000,00 €
	LEB Prata/Liga Feminina 2.....25.000,00 €
	1.ª división feminina/EBA.....15.000,00 €
Balonmán	División prata masculina/división honra ouro feminino.....25.000,00 €
	1.ª División masculina + división honor prata feminina.....20.000,00 €
	1.ª División masculina/División honor prata feminina.....15.000,00 €
Ciclismo	Copa de España ciclismo en ruta.....20.000,00 €
	Estrada/BTT elite e sub-23.....12.000,00 €
Fútbol	1.ª división nacional feminina.....35.000,00 €
	3.ª división RFEF/ 1º Nacional feminina + DHX.....20.000,00 €
	3.ª división RFEF/ 1º Nacional feminina.....18.000,00 €
	División de honra xuvenil (DHX).....8.000,00 €
Fútbol sala	2.ª división nacional B feminina/masculina.....8.000,00 €
	3.ª división nacional.....4.000,00 €
Judo	Competicións de judo.....10.000,00 €
Tenis de mesa	División de honra feminina/masculina.....5.000,00 €
	1.ª división feminina/masculina.....2.500,00 €
Voleibol	Súper liga 2 feminina/masculina.....16.000,00 €
	1ª División feminina/masculina.....6.000,00 €
Outras modalidades (inclúense o resto de modalidades que non estean contempladas na táboa)	Competicións doutras modalidades.....9.000,00 €

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:PEPEFGQLI2Z7N8ZY



Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións (BNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade
- Domicilio fiscal da entidade solicitante
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Documentación

As entidades solicitantes presentarán a solicitude a través do formulario normalizado, no que incluírán o orzamento estimado. Ademais, xunto coa solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado federativo (anexo I). Certificación oficial expedida pola federación correspondente na que se detallan os criterios de valoración específicos e previstos nas bases e o cumprimento de participación nas competicións de ámbito estatal da base cuarta.
 - Nas modalidades deportivas nas que os equipos deben cumprir un mínimo de probas ou quilómetros, as federacións certificarán, ademais, o cumprimento dos devanditos criterios no momento da xustificación.



- Aqueles clubs de modalidades deportivas que desenvolvan a súa actividade competitiva en ano natural, poderán presentar xunto coa solicitude unha declaración xurada na que se detallen os criterios de valoración específicos e previstos nas bases. En todo caso, deberán achegar o certificado federativo coa xustificación; en caso de presentar un menor número de licenzas, reducirase o importe da subvención proporcionalmente.

No caso de representación, deberase presentar acreditación da representación da entidade solicitante, no caso de non utilizar certificado electrónico cualificado de persoa representante.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requirirase que a emende a través da súa presentación electrónica. A este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os



documentos preceptivos, e indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo terceira. Criterios de valoración e calculo do importe das subvencións

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para asignar os importes, estableceranse os criterios do orzamento presentado pola entidade deportiva para a actividade polas entidades deportivas e das diferentes licenzas federativas que presenta a entidade a través dos certificados federativos.

Criterios de valoración específicos	Ponderación
Orzamento da finalidade subvencionada	50 %
Licenzas federativas	50 %
Total	100 %

— Orzamento da finalidade subvencionada:

O procedemento para determinar os puntos acadados por cada entidade polo orzamento da finalidade subvencionada establecerase ca seguinte formula:

$$\text{Puntos} = \frac{\text{Orzamento presentado} \times 50}{\text{Sumatorio da totalidade de orzamentos}}$$



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

— Licenzas federativas:

Os apartados para determinar as puntuacións das licenzas definidos nos certificados federativos serán:

Licenzas totais da entidade	1 punto/licenza
Licenzas formativas (categorías base ata os 16 anos)	1 punto/licenza
Licenzas femininas	1 punto/licenza
Licenzas de deporte adaptado	10 puntos/licenza
Licenzas de técnicos ou adestradores:	
➤ Nivel 3	5 puntos/licenza
➤ Nivel 2	3 puntos/licenza
➤ Nivel 1	1 punto/licenza
Licenzas de técnicas ou adestradoras:	
➤ Nivel 3	7 puntos/licenza
➤ Nivel 2	5 puntos/licenza
➤ Nivel 1	3 punto/licenza
Licenzas nacionais:	
➤ 1.ª categoría	50 puntos/licenza
➤ 2.ª categoría	25 puntos/licenza
➤ 3.ª categoría	1 punto/licenza

O procedemento para determinar os importes das licenzas federativas establecerase ca seguinte formula:

$$\text{Puntos} = \frac{\text{Licenzas federativas} \times 50}{\text{Sumatorio da totalidade das licenzas federativas}}$$

As categorías no apartado de licenzas determinaranse de maior a menor nivel de competición segundo a base cuarta. Na modalidade de judo e outras modalidades establécese a mesma categoría para todos os clubs.

— Cálculo do valor do punto das axudas das subvencións:

O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado a cada modalidade deportiva entre 100.



— Calculo do importe das subvencións

O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade por o valor do punto das axudas.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento e resolución

1) A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes.

A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe-proposta do xefe de servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, explicando o sistema de valoración seguido e relacionando as solicitudes por orde e sinalando a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, e explicaranse as razóns da súa desestimación.

2) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.

Estudo do informe-proposta por parte da comisión de valoración, que estará composta por:

- Presidente: o Xefe do servizo de Deportes
- Vogais: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes.

3) Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, esta será publicada na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, establecendo un período de 10 días naturais para presentar alegacións desde a posta á disposición da notificación.

4) Proposta de resolución definitiva. Examinadas as alegacións presentadas, no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.

Décimo quinta. Resolución do procedemento

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva (artigo 45 da LPACAP).



Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución, lexitima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo sexta. Procedemento de xustificación e pago

As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

O prazo de presentación das xustificacións será:

- Se a modalidade deportiva se desenvolve durante a tempada 2022-2023, xustificarase antes do 31 de decembro de 2023.
- Se a modalidade deportiva se desenvolve durante a tempada 2023 (ano natural), xustificarase antes do 29 de febreiro de 2024.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo segunda destas bases.

Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos.

Na xustificación de gastos, relacionaranse os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.

- No caso que se xustifiquen gastos por un importe igual ou superior ao do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
- No caso de necesitar relacionar máis facturas utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (Anexo III)

Na xustificación de ingresos, relacionaranse con detalle o financiamento obtido para a finalidade subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, a maiores da subvención concedida, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

- No caso que da suma da subvención concedida e da suma dos ingresos obtidos con outras subvencións ou axudas, os clubs superen o custo da finalidade subvencionada ou obtiveran beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención para que non supere o custe da actividade subvencionada.
 - Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade.
 - Anexo IV. Memoria na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención, por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.

No caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, constituirá unha infracción e poderá ser sancionable por parte do servizo instrutor, e reducirase a correspondente subvención. Os tipos de infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves:

Infracción leve	Entre o 1 % e o 10 % da subvención concedida
Infracción grave	Entre o 11 % e o 20 % da subvención concedida
Infracción moi grave	Entre o 21 % e o 50 % da subvención concedida

- **Anexo V.** Nas modalidades deportivas nas que os equipos deban cumprir un mínimo de probas ou quilómetros, as federacións certificarán a través do anexo o cumprimento dos devanditos criterios, e certificarán a asistencia dos equipos ás diferentes competicións de ámbito estatal. No suposto de falta de xustificación dará lugar á perda total ou parcial do dereito a cobrar a subvención.

Excepcionalmente e debido a unha situación extraordinaria que imposibilite a entidade completar os mínimos requiridos, a Deputación de Pontevedra poderá modificar os mínimos exixidos. A entidades deberán achegar xunto coa xustificación un certificado federativo no que se indique a suspensión ou o aprazamento das competicións. Non poderán certificarse os equipos que, tendo competición, rexeiten participar nela por decisión do club.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- Aqueles clubs que xunto coa solicitude presentasen unha declaración xurada cos criterios de valoración específicos e previstos nas bases deberán achegar o certificado federativo (anexo I) coa xustificación. En caso de presentar un menor número de licenzas, reducirase o importe da subvención proporcionalmente.
- A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado non poderá superar o 20 %. Todo gasto que supere este límite non se considerará subvencionable.
- Os gastos presentados na conta xustificativa deben estar pagados ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. No caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1)



mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.

- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.
- En caso de clubs que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.

O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Medidas de publicidade e difusión

As entidades beneficiarias destas axudas deberán levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión ou publicidade:

1) Equipamento oficial de competición do equipo polo que accede á subvención (1ª e 2ª equipamento)

Subvencións por importe igual ou superior a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra nas camisetas oficiais, nun lugar visible e na parte dianteira; esta deberá ter unha medida estándar de 25 x 8 cm

Subvencións por importe de 5.000 € a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra nas camisetas oficiais, nun lugar visible e preferiblemente na parte dianteira; esta deberá ter unha medida estándar de 25 x 8 cm

Subvencións por importe inferior a 5.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra nas camisetas ou pantalóns oficiais, nun lugar visible e cunha medida estándar de 10 x 5 cm

2) Equipamento oficial de competición do resto de equipos pertencentes ao club



Subvencións por importe igual ou superior a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no resto de categorías ou equipos do club, nun lugar visible e cunha medida estándar de 10 x 5 cm. No caso de ter o logo de outras administracións cunha dimensión maior, o logo da Deputación ira na mesma proporción.

Subvencións por importe de 5.000 € a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no resto de categorías ou equipos do club, nun lugar visible. No caso de ter outras administracións o logo deberá ter unha medida proporcional ao resto de administracións.

Subvencións por importe inferior a 5.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra; se estivese presente calquera outra Administración, esta irá de forma proporcional ao resto.

3) Equipamento de adestramento

Subvencións por importe igual ou superior a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no equipamento de adestramento, nun lugar visible e cunha medida estándar de 20 x 5 cm.

Subvencións por importe de 5.000 € a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no equipamento de adestramento; nun lugar visible e cunha medida estándar de 10 x 5 cm.

Subvencións por importe inferior a 5.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra; se estivese presente calquera outra Administración, esta irá de forma proporcional ao resto.

4) Equipamento de viaxe

Subvencións por importe igual ou superior a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no equipamento de viaxe, nun lugar visible. No caso que de ter outras administracións o logo deberá ter unha medida proporcional ao resto de administracións.

Subvencións por importe de 5.000 € a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no equipamento de viaxe; se estivese presente calquera outra Administración, esta irá de forma proporcional ao resto.

Subvencións por importe inferior a 5.000 €

Será obrigatorio incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra no equipamento de viaxe; se estivese presente calquera outra Administración, esta irá de forma proporcional ao resto.



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

5) Lonas publicitarias na instalación das competicións

Subvencións por importe igual ou superior a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar seis pancartas coa imaxe corporativa da Deputación, nun lugar visible e cun tamaño mínimo de 5 x 1 m (recoméndase unha en cada fondo e dúas en cada lateral)

Subvencións por importe de 5.000 € a 10.000 €

- Será obrigatorio incorporar catro pancartas coa imaxe corporativa da Deputación, nun lugar visible e cun tamaño mínimo de 5 x 1 m (recomendase unha en cada fondo e unha en cada lateral)

Subvencións por importe inferior a 5.000 €

- Será obrigatorio incorporar dúas pancartas coa imaxe corporativa da Deputación, nun lugar visible e cun tamaño mínimo de 5 x 1 m (recomendase unha en cada fondo)

6) Outras medidas que se deben ter en conta:

- Vehículos oficiais do club. Todas as entidades que dispoñan dun vehículo oficial do club deberán incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións.
- Carteis oficiais. Todas as entidades que leven a cabo carteis oficiais, deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.
- Paneis traseiros para eventos ou actos do club, coma roldas de prensa, presentacións, comunicacións ou premios. Todas as entidades que leven a cabo ditas accións, deberán incluír a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.
- Espazo dixital do club (páxinas web e redes sociais). Todas as entidades que leven a cabo ditas accións, deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nas cabeceiras ou nos apartados de colaboradores ou patrocinadores das entidades. Nas redes sociais será obrigatorio aparecer nas cabeceiras ou fotos de perfil. As entidades deberán nomear a Deputación sempre que se etiquete o resto de entidades ou administracións colaboradoras.
- Outros soportes publicitarios. No caso de que as entidades realicen outras accións ou medidas publicitarias como retransmisións en directo, colocación de pantallas LED na pista ou calquera outra, deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.

Todos os gastos derivados da produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.



A Deputación de Pontevedra, en todo caso, poñerá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa en www.depo.gal (área de descargas).

Se non se puidese incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, deberase xustificar adecuadamente e propoñer unha alternativa, que requirirá a conformidade do Servizo de Deportes.

As entidades solicitantes deberán ter en conta estas medidas de difusión á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra actuación.

Décimo oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei de subvencións 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións (LXS), en particular, as entidades beneficiarias terán que:

- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases.
- Cumprir cos demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións.
- As entidades beneficiarias deberán aprobar a liquidación da tempada. O acordo deberá ser aprobado pola Asemblea ou órgano competente da entidade deportiva, referindo de xeito expreso no acordo e con carácter mínimo, o importe total dos gastos, o importe total de ingresos e o resultado da tempada. Ao abeiro do disposto no artigo 56 da Lei 38/2003 o incumprimento desta obriga formal será considerado como infracción leve.

Décimo novena. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requirirá que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio de expediente de perda ó dereito á cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán ser reintegradas cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Incumprimento das obrigacións de xustificación.



- Incumprimento da obrigaón de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibida.
- Demais causas establecidas na normativa de subvencións.

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2022 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo terceira. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun (1) mes, un recurso de reposición ante o órgano que as ditase, que se entenderá como desestimado se transcorrese este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de dous (2) meses un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: PEPEFGQLIZ27N8ZY

